



DA FOLIADA Á RAVE

VENRES 30 > 17.00H > MUSEO DO POBO GALEGO

Organiza



Museo do
Pobo Galego




CONCELLO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

OBRADOIRO DE ELECTRO TRAD

Existen lugares comúns presentes nas foliadas e nas *raves*?

Da Foliada á Rave é un espazo de creación sonora comunitaria onde profesionais e persoas afeccionadas á música poderán experimentar as converxencias presentes en todo trazo colectivo inducido pola música, o baile e o canto. Unha oportunidade para reformular conceptos básicos como a harmonía, os acordes ou os ritmos, e combinar instrumentos convencionais con aparellos e procesos electrónicos. Filtros, *loops* e melodías tradicionais mesturaránse na *rave* que porá fin a este obradoiro de Electro Trad.

Data: venres 30 de setembro de 17h00 a 20h00.

Lugar: sala 2 de exposicións temporais Ala Sur.

Imparte: o compositor, pianista e músico electrónico Nacho Muñoz, produtor de Mercedes Peón, Uxía Senlle ou Ecléctica Ensemble; membro da banda de free rock IGMIg, e docente experto en espazos pedagóxicos de creación sonora.

Inscripcións: deac@museodopobo.gal

Prazas limitadas. Inscripción por orde de recepción.

Prezo: 8€ entrada xeral e 5€ persoas socias do Museo e desempregadas. A entrada dá dereito a visitar o Museo o sábado 1 e o domingo 2 de outubro.





LUCÍA ALDAO_

SÁBADO 1 > 11.30H > MUSEO DO POBO GALEGO

Organiza



Museo do
Pobo Galego



Deputación
DA CORUÑA

XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo 21-22

CHARLA-CONCERTO

Como se elaboran as cancións? Cales son os camiños creativos que derivan nun tema musical? Son comúns os procesos de composición na música e na poesía?

A artista coruñesa **Lucía Aldao** debullará o seu particular xeito de crear, e compartirá coas persoas asistentes a esta charla-concerto cales foron os vieiros que deron como resultado **PAVA**, o seu primeiro proxecto musical en solitario. Un traballo cuxo único soporte físico é unha figura escultórica daquel anaco de cigarro que dá nome ao proxecto.

A poesía oral, o humor e a música serán os ingredientes desta proposta sonora.

Data: sábado 1 de outubro de 11h30 a 13h00.

Lugar: sala de actividades Ala Sur.

Conducirá a conversa Xiana Arias Rego, xornalista, poeta e música fonsagrada. O seu primeiro poemario, Ortigas, gañou o Premio de poesía Pérez Parallé en 2006. Na vertente musical forma, xunto con Berio Molina, o proxecto Clo Pas.

Entradas: Vivetix Museo do Pobo Galego.

Prezo: 5€. A entrada dá dereito a visitar o Museo o sábado 1 e o domingo 2 de outubro.





CATUXA SALOM_

SÁBADO 1 > 13.00H > XARDÍN DO MUSEO DO POBO GALEGO

Organiza



Museo do
Pobo Galego



CONCELLO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA

XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

SESIÓN VERMÚ

Catuxa Salom representa unha xeración que soña con volver ao rural e vivir de xeito tranquilo. E nese rural, nunha aldea da montaña luguesa, foi concibida a súa innovadora proposta musical: unha fusión dos ritmos tribais propios das súas raíces indíxeno-argentinas co folclore galego, e todo baixo un interesante envoltorio electrónico.

En pleno lanzamento do seu primeiro EP, **Nunha aldea**, vén convidarnos a bailar e a deixármolos levar polo seu canto á vida rural, ao ecofeminismo e ás orixes.

Data: sábado 1 de outubro de 13h00 a 14h15.

Lugar: xardín Ala Sur.

Entradas: Vivetix Museo do Pobo Galego.

Prezo: Actividade de balde.





SON(EM)PEZA_

SÁBADO 1 > 16.30h > ITINERARIO SONORO NO MUSEO DO POBO GALEGO

Organiza



ITINERARIO SONORO

Unha peza pode cantar? Que musicalidade provocan as ferramentas ao traballar? A que soa un ritual para escorrentar o meigallo? Para que tanxen as campás?

Son(Em)peza proponnos unha visita sonora pola exposición permanente do Museo. O obxectivo é mergullármonos nos arquivos e poñer o oído no que teñen que dicir os obxectos da colección. Nese percorrido polas salas escoitaremos refráns, cantigas, contos, rituais, trabalinguas, melodías e sons asociados a cada unha das pezas do Museo.

Data: sábado 1 de outubro de 16h30 a 18h00.

Lugar: exposición permanente do Museo do Pobo Galego.

Inscripcións: servizosdeac@museodopobo.gal

Prazas limitadas. Inscrición por orde de recepción.

Prezo: 4€. A entrada dá dereito a visitar o Museo o sábado 1 e o domingo 2 de outubro.





PARAÍSO CANTO_

SÁBADO 1 > 20.00H > IGREXA DE BONAVAL

Organiza



CONCERTO

Paraíso Canto é a voz e o latexar dos pandeiros e a caixa shruti de Gabi Reboredo, unida á delicadeza dos clarinetes e o acordeón cromático de Martiño Malleiro.

Veciños do Verdugo-Oitavén, o deles é un canto comunitario. Un proxecto que parte da música de tradición oral galega, e no que procuran un son persoal con arranxos propios, experimentando tamén con outras músicas ibéricas, lusófonas e doutras culturas do mundo.

No seu repertorio collen desde a reinterpretación de temas de músicas referentes como Maruxa das Cortellas ou Mercedes da Fentosa, ata habaneiras como a "Manhã de Carnaval" de Luiz Bonfá e Antônio Maria. Música galega, asturiana, castelá e brasileira mimetizadas no seu paraíso particular.

Data: sábado 1 de outubro de 20h00 a 21h15.

Lugar: igrexa de San Domingos de Bonaval.

Entradas: Vivetix Museo do Pobo Galego.

Prezo: 7€. A entrada dá dereito a visitar o Museo o sábado 1 e o domingo 2 de outubro.

